

Aprobado no Consello Escolar do 30 de xuño de 2016. (Claustro do 30 de xuño de 2016).

PLAN DE CONVIVENCIA I.E.S. de Ponteceso

curso 2016-2017

Índice

FUNDAMENTOS TEÓRICOS E LEXISLACIÓN BÁSICA.....	3
AXENTES RESPONSABLES DA CONVIVENCIA ESCOLAR.....	4
Funci3ns do consello escolar	4
Funci3ns do claustro	4
Funci3ns do equipo directivo	4
Funci3ns do director/a	5
Funci3ns do xefe/a de estudos.....	5
Funci3ns dos 3rganos de coordinaci3n docente	5
A Comisi3n de Convivencia	6
O Consello Escolar para a comunidade aut3noma de Galicia	8
ANÁLISE DA SITUACI3N DA CONVIVENCIA NO CENTRO	9
OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA	13
ACTUACI3NS E MEDIDAS A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA	
Acci3ns preventivas e de sensibilizaci3n	15
Actividades de formaci3n na mellora da convivencia escolar e a mediaci3n na resoluci3n de conflitos.....	17
Medidas de car3cter organizativo	18
Actuaci3ns reeducadoras e correctoras	19
A mediaci3n escolar	19
A aula de convivencia inclusiva.....	20
NORMAS DE ORGANIZACI3N E FUNCIONAMENTO DO CENTRO	23
NORMAS DE CONVIVENCIA	24
SEGUIMIENTO E AVALIACI3N DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	34
DIFUSI3N DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	35
ANEXOS	36

1. FUNDAMENTOS TEÓRICOS E LEXISLACIÓN BÁSICA

A convivencia escolar é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Ten un enfoque formativo, ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais e, pola súa vez, é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa.

O plan de convivencia é o documento no que se articula esa convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que compre alcanzar, as normas que regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados. En definitiva, é un proxecto de reflexión e pensamento en que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia no centro docente, e por iso o proxecto educativo de cada centro incluírá un plan de convivencia.

Os artigos 120 e 124 da **lei orgánica 2/2006**, na redacción dada pola **Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro**, para a mellora da calidade educativa, establecen a autonomía dos centros na elaboración das súas normas de convivencia e das de organización e funcionamento. O mesmo artigo 124 dispón que os centros educativos elaborarán un plan de convivencia.

Este plan seguirá as directrices marcadas pola **Lei 4/2011, do 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa, e o **decreto** que a desenvolve **do 8/2015 do 8 de xaneiro**, e integrará o principio de igualdade entre homes e mulleres e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras. Todo isto dentro do marco da **Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro**, para a mellora da calidade educativa.

Igualmente, as disposicións deste plan atenden ao establecido na **Lei 2/2014, do 14 de abril**, pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.

2. AXENTES RESPONSABLES DA CONVIVENCIA ESCOLAR

Partimos do principio de que todos os membros da comunidade educativa son axentes responsables da convivencia escolar, cada un na esfera que máis directamente lle corresponda. Deste modo, toda a comunidade educativa no seu conxunto velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Co fin de potenciar a participación e seguimento do Plan de Convivencia, engádense funcións a órganos xa existentes ,Consello Escolar, Claustro, equipo directivo, órganos de coordinación docente, modifícase a estrutura e ampliáanse as funcións da Comisión de Convivencia e créase outro novo, o Consello para a convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.1.Funcións do Consello Escolar

Ademais das funcións que lle atribúe o artigo 127 da LOMCE, a Lei de Convivencia atribúelle as seguintes competencias:

- a. Elixir as persoas representantes da Comisión de convivencia.
- b. Establecer directrices para a elaboración do Plan de Convivencia e das normas de convivencia do centro.
- c. Realizar anualmente o seguimento e avaliación do Plan de Convivencia e das normas de convivencia do centro.
- d. Propoñer actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

2.2.Funcións do Claustro

-Realizar propostas para a elaboración do Plan de Convivencia e das normas de convivencia do centro.

-Participar na avaliación periódica da convivencia no centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do Plan de Convivencia.

-Propoñer actuacións de carácter educativo, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

2.3.Funcións do equipo directivo

-Desempeñar as competencias da Comisión de Convivencia se esta non está constituída.

-Impulsar as actividades previstas no Plan de Convivencia así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.

-Expoñer ao claustro de profesores un resumo da memoria final elaborada pola Comisión de Convivencia salientando os aspectos máis determinantes (positivos e negativos) para a convivencia no centro.

-Recordar no claustro de inicio de curso os puntos das NOFC que máis afectan á convivencia no centro, salientando as actualizacións feitas e pedindo un compromiso por parte do profesorado no seu cumprimento.

2.4.Funcións do director/a

-Garantir as condicións para que exista no centro un axeitado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.

-Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos establecidos no Plan de Convivencia.

-Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado.

-Impoñer as medidas correctoras.

2.5.Funcións do xefe/a de estudos

-Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no Plan de Convivencia do centro e nas normas de convivencia do centro.

-Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no Plan de Convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos plans de acción tutorial e de atención á diversidade do centro.

-Promover as actuacións da mediación.

-Organizar a atención educativa ao alumnado ao que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do centro.

2.6.Funcións dos órganos de coordinación docente

-No seu ámbito competencial, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que estableza o Plan de Convivencia e as normas de convivencia do centro, de modo que figuren nas concrecións curriculares correspondentes.

2.7.A Comisión de Convivencia

a. Composición

-Este organismo constitúese no seo do Consello Escolar. Ten carácter consultivo e desempeña as súas funcións por delegación do Consello Escolar.

-Esta composta polos representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos, todos eles na mesma proporción na que están representados no Consello Escolar do centro. No noso caso está constituída por un representante dos pais/nais, un representante do alumnado, dous representantes do profesorado, un representante do persoal non docente, os dous xefes de estudos e o director. Será presidida pola persoa titular da Dirección do centro e un dos seus integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará acta das súas reunións. Na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes.

-O nomeamento das persoas integrantes na Comisión de Convivencia corresponde ao director ou directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do Consello Escolar, pero non teñen que ser os mesmos, necesariamente.

b. Funcionamento

-Realizará unha avaliación ao inicio de cada curso escolar tendo en conta:

- Os datos achegados a partir de enquisas especificamente elaboradas pola propia Comisión.
- A análise partir de datos procedentes das incidencias ocorridas no curso anterior.
- As propostas que figuran na Memoria anual elaborada pola propia Comisión.
- As achegas proporcionadas por calquera dos sectores da comunidade educativa.
- A partir da análise dos datos da avaliación inicial, introduciranse as modificación oportunas.

-Sen prexuízo de que celebre cantas xuntanzas considere necesario en función das circunstancias concretas de cada curso, manterán un mínimo de tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

-Nas reunións da Comisión destinadas a revisar o Plan de Convivencia, incorporárase o responsable do Departamento de Orientación, así como a persoa designada para fomentar a igualdade efectiva entre homes e

mulleres.

-Sempre que o considere oportuno, poderá solicitar colaboración e asesoramento doutros órganos de coordinación docente.

c. Funcións

-Elaborar o Plan de Convivencia

-Dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas no procedemento de elaboración, desenvolvemento, seguimento e revisión do Plan de Convivencia do centro.

-Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

-Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

-Propoñer ao Consello Escolar cantas medidas considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

-Propoñer, de ser o caso, ao director do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

-Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos que foran impostas e informar ao Consello Escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

-Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

-Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, no que se reflectan as iniciativas a nivel centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao Consello Escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de inspección educativa.

-Aquelas que lle sexan encomendadas polo Consello Escolar do centro docente ou polo órgano da administración educativa con competencias na materia.

-Se o considera oportuno, poderá solicitar o asesoramento dos profesionais do Departamento de Orientación do centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora

social do concello onde se atope o centro educativo ou doutros profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do entorno que poidan colaborar na mellora da convivencia.

2.8.0 Consello para a convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia

É un novo organismo de carácter consultivo e de apoio a toda a comunidade educativa no que se refire á convivencia escolar. Estará adscrito á Consellería con competencias en materia de educación, e contará co apoio dos servizos técnicos da administración educativa, para fomentar a participación dos membros da comunidade educativa na mellora da convivencia.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE CONVIVENCIA NO CENTRO


Tomaremos como referencia para facer esta análise da situación da convivencia no centro, por unha parte as enquisas enviadas pola administración educativa encamiñadas a avaliar a situación da convivencia no centro, dirixidas ao alumnado da ESO, alumnado de ensino postobrigatorio, profesorado e familias, e por outra parte os partes de incidencias reflectidos o curso 2014/15 e os que levamos este curso 2015/16.

- O alumnado da **ESO** considera que as accións negativas cara as instalacións consisten en pintar nas mesas, tirar lixo no chan e de cando en vez róubanse materiais. Pensan que a mellor forma de resolver os conflitos é falando entre todos, despois impondo sancións, e por último mandando a xefatura de estudos. Non perciben situacións de acoso escolar, e consideran que os problemas acontecen maioritariamente durante as clases, despois nos intercambios e nos corredores. O 13% das chicas e o 5,3% dos chicos padeceron algún tipo de conduta negativa, normalmente na propia aula, e normalmente foron as propias chicas as que cometeron eses actos.


En canto a intencións de futuro un 52% das chicas quere facer unha carreira, mentres que nos chicos a cifra máis alta é a dos que queren facer un ciclo superior, un 42%.

- No ensino **postobrigatorio**, a meirande parte do alumnado, (60%) opina que a convivencia mellorou lixeiramente, e un 62% non consideran que haxa problemas de convivencia. As accións negativas cara as instalacións son pintadas nas mesas e tirar lixo ao chan. Un feito salientable é que un 15% cree que se consumen drogas con moita frecuencia. Un 20% das chicas din ter sufrido condutas negativas dentro da súa aula, e neses casos un 35% pide axuda a súa familia, un 28% fala coa dirección, e un 28% non fai nada.
- Os **profesores** pensan que a convivencia empeorou lixeiramente, e que os problemas cos alumn@s veñen provocados por factores alleos ao centro (familias desestructuradas, contexto social difícil...).
- As **familias** consideran que a convivencia no centro mellorou lixeiramente, e que só hai problemas de xeito puntual.

Polo que respecta aos **partes de incidencias** rexistrados o curso pasado **2014/15** cabe salientar que a meirande parte dos problemas son de relación profesor-alumno, e dicir, condutas disrruptivas. O número total de partes foi 219, dos que 187 foron impostos a alumnado de ensino postobrigatorio, distribuidos do seguinte xeito:




Só 31 foron para alumnado da ESO. É un dato moi salientable, aínda que tamén hai que indicar que 93 dos partes foron postos polo mesmo profesor, que equivalería ao 42% do total. Houbo 39 expulsións, 37 no ensino postobrigatorio, distribuidas do seguinte xeito:




Unicamente tivemos un caso dunha conduta gravemente prexudicial para a convivencia escolar na que utilizamos o procedemento conciliado para corríxila. Unha conclusión á que podemos chegar na interpretación destes datos é que resulta estraño este grao de conflitividade, xa que supostamente o alumnado do ensino postobrigatorio asiste a clase de xeito voluntario, e tanta conflitividade é un feito a estudar pola comisión de convivencia.

No presente curso **2015/16** ata febreiro, data na que se está a elaborar o este documento, o número de partes de incidencia é de 120, polo que proporcionalmente a cifra acabaría sendo maior que a do curso pasado (chegaríamos a 240). 72 deses partes foron impostos a alumnado do ensino postobrigatorio, que duplica en número aos impostos a alumnado da ESO (47). A distribución dos partes sería a seguinte:



Chama a atención o aumento nos partes na ESO este curso, especialmente en 1ºESO (18), pero hai que dicir que a matrícula nese nivel aumentou bastante. Polo de agora levamos 24 expulsións, distribuídas así:



No que levamos de ano tivemos un caso de conduta gravemente prexudicial para a convivencia na que aplicamos un proceso conciliado para corrixila.

Con todos estes datos, a Comisión de Convivencia terá que propoñer medidas, tanto preventivas como de actuación tras os feitos. Deberá analizar se os problemas acontecen fóra da aula, é dicir, nos intercambios de clase, corredores, recreo, ou dentro da aula.

No primeiro suposto a Comisión deberá insistir na importancia da aplicación das NOFC, especialmente no que atinxe á puntualidade do profesorado e ao cumprimento das súas funcións do profesorado de garda.

Se os problemas acontecen dentro da aula, haberá que observar se é o mesmo alumnado o que reiteradamente crea as dificultades, ou se un problema do grupo. A acción titorial cobra especial importancia nestes

casos, coa debida comunicación coas familias, e o asesoramento do departamento de orientación.

Pode ser que os problemas só aparezan co mesmo profesor/a. Nese caso, a dirección, por suxestión da Comisión de Convivencia, terá unha entrevista co profesor/a en cuestión para analizar as posibles causas e propondrá posibles solucións.

4. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

O Plan de Convivencia tratará de conseguir os seguintes obxectivos xerais:

-Mellorar a convivencia no noso centro como resultado da análise, da reflexión e do acordo.

-Desenvolver na comunidade escolar os valores de respecto, tolerancia, solidariedade, dereitos humanos, igualdade formar persoas que se respecten a si mesmas, aos outros e que sexan responsables dos seus actos.

-Facilitar á comunidade educativa instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.

-Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos educativos que a sociedade pon á disposición do alumnado.

-Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade, no fomento da igualdade entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.

-Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

-Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.

-Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente as competencias social e cidadá e da autonomía e iniciativa persoal.

-Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.

-Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e liberdades fundamentais.

-Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.

-Procurar a mellora do clima escolar mediante cambios físicos, materiais e organizativos do centro que faciliten a convivencia e a consecución dos obxectivos educativos marcados.

-Sensibilizar a todos os sectores da comunidade escolar da necesidade de formarse en habilidades sociais como medio de contribuír á resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos.

5. ACTUACIÓNS E MEDIDAS A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA

As actuacións a desenvolver para favorecer a convivencia podemos clasificalas en catro tipos: medidas preventivas e de sensibilización, formación na mellora da convivencia escolar e a mediación na resolución de conflitos, medidas de carácter organizativo e actuacións reeducadoras e correctoras.

5.1.-Accións preventivas e de sensibilización ,

Dirixidas a todos os sectores da comunidade educativa e , dun modo especial, ao profesorado, ao alumnado e as súas familias.

As accións dirixidas ao *profesorado* poderían ser:

- Promover a participación na elaboración e revisión dos documentos do centro, destacando os valores e normas que pretenden desenvolver actitudes prosociais de igualdade, respecto e diálogo, fomentando o consenso na toma de decisións.
- Potenciar o funcionamento da comisión de convivencia do centro.
- Reunións periódicas dos titores por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia no centro. Adoptar estratexias organizativas que posibiliten a implicación de todo o profesorado nos labores titoriais.
- Impulso e actuación de comisións de mediación e outras estratexias de tratamento e resolución de conflitos.
- Difusión á comunidade educativa, a través de diferentes medios, do Plan de convivencia e das NOFC.
- Aplicación das NOFC. Facer especial fincapé no correcto funcionamento das gardas.
- Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.
- Impulsar nas concrecións curriculares para os distintos ciclos ou cursos o desenvolvemento de todas as competencias básicas, en especial as competencias sociais e cívicas.
- Rexistro dos conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión global e introducir as modificacións necesarias na regulación da convivencia do centro. Crear un libro de rexistro específico para reflectir todas as situacións susceptibles de ser valoradas como acoso escolar.
- Insistir na vixilancia en zonas comúns: aseos, corredores, recreos, entradas e saídas...

- Colaborar na mellora das zonas de ocio, organizar grupos de xogo...

As accións dirixidas ao *alumnado* poderían ser:

- Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro e para as súas familias, que faciliten o coñecemento das normas de convivencia, tanto xerais do centro como particulares da aula.
- Impulso e actuación de comisións de mediación e outras estratexias de tratamento e resolución de conflitos.
- Difusión á comunidade educativa, a través de diferentes medios, do Plan de convivencia e das *NOFC*.
- Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.
- Organización de grupos de traballo que favorezan as relacións persoais.
- Formación do alumnado: técnicas de resolución pacífica de conflitos.
- Inclusión no *Plan de Acción Titorial* da elaboración de normas de convivencia en cada clase, incluíndo de xeito explícito normas contra o acoso entre os compañeiros ou compañeiras, nas que se sensibilice sobre o dano que produce o maltrato e se faga explícito o rexeitamento de todos os tipos de violencia, así como propostas de recuperación en caso de incumprimento das normas.
- Realizar actividades de titoría programadas no grupo referidas a: relacións no grupo, fomento da amizade, tarefas colaborativas, sensibilización fronte ao maltrato (respecto pola diferenza, promover a empatía emocional, rachar con mitos como o do chivato, aprender a ofrecer e pedir axuda, diferenciar entre amigos/as e compañeiros/as...), conciencia da importancia do coidado das relacións afectivas e emocionais dos adolescentes, análise das relacións interpersoais, dos sentimentos e dos conflitos.
- Traballar no grupo habilidades sociais asertivas e de autoconhecimento que capaciten o alumnado para dar respostas axeitadas en diferentes contextos: educar para as relacións interpersoais igualitarias baseadas na valoración mutua e no respecto, exercitar técnicas de autocontrol, empatía e resistencia á frustración, desenvolver a través de métodos cooperativos habilidades prosociais e destrezas para a xestión das emocións, formar comisións de alumnos/as para a mellora da convivencia en xeral: equipos de mediación, axudantes de recreo..., facilitarlle ao alumnado canles para que poida comunicarse co profesorado.

- Utilizar sesións de tutoría e xuntas de avaliación para detectar posibles situacións de acoso e/ou ciberacoso, analizando tamén os casos de absentismo escolar.
- Aplicar un cuestionario de convivencia no centro e na aula, especialmente nos grupos de menor idade (1º e 2ºESO). O departamento de orientación liderará este tipo de accións.
- Manter a través da acción tutorial contactos periódicos coas familias para compartir información e asegurar unha mutua colaboración.
- Seguimento do clima relacional da aula. Aplicación e valoración de cuestionarios sociométricos.
- Habilitar un buzón de suxestións para que o alumnado poda expresar diferentes ideas coa finalidade de mellorar o funcionamento do centro, así como denunciar posibles situacións de acoso que perciba no seu entorno. Será importante desenvolver un traballo nas tutorías sobre o correcto uso dese buzón, pois pode producir malas interpretacións.

As accións dirixidas ás *familias* poderían ser:

- Formación de familias: pautas para previr o acoso e outras formas de violencia dende a familia, dando información sobre comportamentos e pautas a observar. Impulsar a creación de Escolas de pais e nais.
- Deseño e aplicación de cuestionarios para coñecer os temas máis demandados polas familias no que atinxe a educación dos seus fillos.
- Promover encontros, conferencias e obradoiros para a toda a comunidade educativa orientados á construción dunha convivencia positiva.

5.2.- Actividades de formación na mellora da convivencia escolar e a mediación na resolución de conflitos

As necesidades de formación do profesorado serán propostas ao equipo directivo pola CCP. Polo que se refire ás necesidades de formación do alumnado e das súas familias poderán ser propostas pola Comisión de Convivencia, pola xunta de delegados e polas ANPAS. Das necesidades de formación que se determinen darase traslado ao centro de formación do profesorado.

Entre as posibles actuacións de carácter formativo destacamos as seguintes:

-Participación do profesorado, tanto a título individual como de pequeno e gran grupo, en programas e actuacións que ofrezca a Consellería e outras entidades relacionados coa convivencia escolar: encontros, xornadas, cursos....

-Participación do alumnado en programas educativos organizados polo

Departamento de Servizos Sociais do Concello de Ponteceso, especialmente os relacionados con: prevención de drogodependencias, educación en valores, educación para a igualdade, programas de prevención de violencia de xénero...

-Realización de actividades para o alumnado, profesorado e nais e pais do alumnado pola Garda Civil e Policía Local ofertadas a través da Inspección sobre temas de acoso escolar, consumo e tráfico de estupefacientes e sobre os riscos asociados a internet e as novas tecnoloxías.

-Proceso de selección e formación dos novos alumnos/as mediadores e seguimento e actualización dos que xa exerceron no curso anterior.

-Cursos de resolución de conflitos dirixidos ao profesorado e ás familias do alumnado, impartido por profesionais externos.

-Elaboración de materiais para a concienciación da necesidade de fomentar a convivencia entre toda a comunidade escolar.

-Celebración de datas especialmente relacionadas coa convivencia, tales como o Día da Paz, o Día da Muller, o Día dos Dereitos Humanos, o Día dos Dereitos da Infancia

-A través da xunta de delegados, tratar de conseguir maior implicación no deseño de actividades e, establecendo responsables para cada unha delas.

5.3. Medidas de carácter organizativo

Medidas que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e dos tempos considerados de risco, como os recreos, aseos, patio, as entradas e saídas do centro e os cambios de clase nos corredores:

- As NOFC de cada centro incluírán as normas de convivencia que garantan o cumprimento do plan de convivencia.
- Seguimento das pautas establecidas nas NOFC polo profesorado de garda e o persoal de conserxería e supervisión do grao de cumprimento das mesmas pola Dirección do centro.
- Contemplan na organización dos horarios unha hora na que os titores/as do mesmo nivel, ou polo menos do mesmo ciclo, podan reunirse co departamento de orientación, co fin de facilitar a coordinación nas actuacións tanto a nivel pedagóxico como estratexias de convivencia e dos grupos de mediación escolar.
- Solicitar a colaboración da Policía Local e a Garda Civil para que realice controis periódicos nos arredores do centro, especialmente ás horas de saída do alumnado.

5.4. Actuacións reeducadoras e correctoras

5.4.1.A mediación escolar.

É unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos en que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas ás dúas. Sen prexuízo dos procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, os centros poderán utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa.

Consideramos de especial interese o fomento da *mediación entre iguais*.

-Definición: forma de resolver conflitos entre dous ou máis compañeiros coa axuda dunha terceira persoa imparcial, o mediador. Os mediadores non son xuíces nin árbitros, non imponen solucións, nin opinan sobre quen ten a verdade.

Os mediadores son alumnos con formación neste ámbito que regulan o proceso de comunicación cara unha posible solución que satisfaga ás partes en conflito.

-Características da mediación: voluntariedade, confidencialidade, imparcialidade e baseada no diálogo.

-Funcións dos mediadores:

-Guían o proceso, non asumen a responsabilidade de transformar o conflito.

-Axudan ás partes a identificar e satisfacer as súas necesidades e intereses.

-Están atentos aos valores polos que se guían as partes.

-Axudan ás partes a comprenderse e a sopesar os seus puntos de vista para chegar a acordos.

-Xeran confianza entre as partes en conflito.

-Partes do proceso de mediación:

- 1.- Presentación e regras de xogo
- 2.-Cóntame
- 3.-Clarificar o problema
- 4.-Propor solucións
- 5.-Chegar a acordos

-Constitución e funcionamento dos grupos de alumnos/as mediadores/as:

-A persoa responsable da coordinación dos grupos de mediación porase en contacto, ao inicio de cada curso escolar, co alumnado interesado nas horas de tutoría lectiva e contará coa colaboración das persoas titoras.

-Ao alumnado seleccionado recibirá formación inicial en habilidades sociais e de resolución de conflitos a través dun obradoiro impartido por persoal cualificado. Cada curso actualizarase a formación dos mediadores que xa actuaran en cursos anteriores. O alumnado participante recibirá un diploma como mediador/a e/ou como asistente ao curso de formación.

-Unha vez detectado un conflito, porase en coñecemento da persoa titora e será esta quen faga a oportuna derivación, en función do establecido nas NOFC, á persoa coordinadora para organizar a actuación dos mediadores, sempre contando co previo consentimento das partes implicadas.

-Os mediadores actuarán por parellas baixo a supervisión dun adulto e cos criterios que eles mesmos establezan ao inicio de cada curso escolar (parellas de alumno e alumna, mediación por orde de actuación e sempre que non haxa un rexeitamento das partes implicadas no conflito, rotación trimestral).

-A/s persoa/s coordinadora/s reuniranse polo menos unha vez ao mes cos equipos de mediación.

5.4.2.Aula de convivencia inclusiva.

O primeiro dos obxectivos da actividade educativa é que todos os alumnos e as alumnas desenvolvan plenamente os seus dereitos educativos, e por iso é básico que as actividades escolares se realicen nun clima docente adecuado ; para o desenvolvemento da clase en particular, é fundamental que o profesorado poida levar a cabo o seu traballo pedagóxico con total normalidade.

Considerando que para a consecución deste ambiente pedagóxico, o profesorado e o alumnado cumpren roles concretos e ben definidos que, con certa flexibilidade na súa posta en xogo, permiten o normal desenvolvemento das tarefas na aula e nos espazos docentes do centro; e que, en ocasións, o comportamento dalgún alumno/a é un factor de desestabilización na marcha normal das actividades lectivas e, ás veces, coa expectativa de que ese comportamento non cambie ao longo de toda a actividade. E tendo en conta que é labor do profesorado, de forma individual e colectiva, buscar estratexias para crear, manter e ás veces recuperar ese ambiente educativo

agradable para todos.

Propónse que un alumno/a cunha conduta disruptiva sexa atendido de xeito individual, e para iso habilitase no centro unha aula de atención específica ou aula de convivencia inclusiva, na que se realizarán actividades pedagóxicas que busquen á reincorporación do alumno/a ás actividades docentes con total normalidade.

O profesor/a que decide que ese alumno/a debe ir a aula de convivencia, será o encargado de proporcionar o material co que o alumno/a deberá traballar durante ese período lectivo. Ademais, deberá comprobar que ao final da clase o traballo está finalizado. É importante incidir no feito de que estas actividades son obrigatorias, e se no período que vai dende que o alumno/a chega á aula ata que comeza a clase seguinte non é suficiente para a súa realización, ou ben se remataran os exercicios noutro momento do período lectivo nesa aula ou ben o alumno/a traerao feito da casa, e isto sempre segundo o criterio do profesorado da materia na que o alumno/a foi enviado/a a esta aula.

Cando o alumno/a teña rematado as actividades volverá ao seu lugar na aula para seguir as clases con total normalidade.

Os departamentos didácticos deberán prover esa aula con materiais de traballo para os casos nos que se decida que o alumno/a deberá permanecer xornadas completas nela.

O departamento de orientación tamén fará aportacións de material para os casos nos que o alumnado presente algún tipo de necesidade especial.

Se algún alumno/a se negase a cumprir as actividades pasaría a xefatura de estudos para tomar as correspondentes medidas que o regulamento de réxime interno provea para paliar as condutas contrarias as normas de convivencia no centro.

A acumulación de presenzas nesta aula levará á realización dun informe por orientación e xefatura de estudos que será entregado aos pais para o seu coñecemento e a súa valoración.

A aula está localizada no que era a aula de desdobre do primeiro andar no edificio I.

O profesorado encargado de cubrir a garda nesta aula será o profesorado de garda nese momento do horario. Cada profesor de garda terá asignado un número que se corresponde cos diferentes corredores dos diferentes edificios e un número que se corresponde coa atención á aula de convivencia.

Nela haberá un libro de rexistro (Anexo V) no que se apuntará:

- Alumno/a que acude á aula.
- Motivo polo que vai á aula.
- Hora lectiva en que é atendido nesa aula.
- Profesor e materia que tiña ese alumno/a a esa hora.
- Actividades que debe realizar.
- Constatar se a actividade está finalizada ou non.

Entendemos que este espazo debe servir para dar resposta a tres obxectivos:

como espazo de reflexión, de traballo e como observatorio periódico da convivencia. En ningún caso deberá ser utilizada como aula de castigos, ou como un recurso fácil para que o profesorado se libre do alumnado “incómodo”.

6. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO (NOFC)

As normas de organización e funcionamento de cada centro docente incluírán as normas de convivencia que garantan o cumprimento do plan de convivencia. Estas normas serán públicas e os centros facilitarán o seu coñecemento por parte de todos os membros da comunidade educativa.

Recollerán, ademais, a organización dos espazos e dos tempos, así como a distribución dos recursos, para favorecer unha convivencia positiva no centro educativo.

Establecerán os procedementos de comunicación ás familias das faltas de asistencia do alumnado ás clases e as correspondentes autorizacións ou xustificacións para os casos de ausencia cando estes ou estas sexan menores de idade non emancipados/as. (Anexo I)

7. NORMAS DE CONVIVENCIA

7.1. FINS E PRINCIPIOS INSPIRADORES DAS NORMAS DE CONVIVENCIA NOS CENTRO DOCENTES

As normas de convivencia nos centros docentes orientaranse aos seguintes fins:

- a. Á garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon a disposición do alumnado no posto escolar.
- b. Á educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c. Á prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- d. Ó recoñecemento ao profesorado e aos membros dos equipos directivos das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contraria á convivencia.
- e. Á corresponsabilidade das nais e pais ou titoras e titores no mantemento da convivencia no centro docente, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- f. Á promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.
- g. Á promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

7.2. POR UN BO FUNCIONAMENTO DO CENTRO

7.2.1. POR UN BO FUNCIONAMENTO DO CENTRO. ALUMNADO.

Tal e como recolle a introdución do RD 732/1995 e a Lei de convivencia 4/2011, o dereito á educación é un dereito fundamental para o alumnado e para acadalo deberán contemplarse unhas normas de convivencia de centro reflectidas a continuación que non poderán ir, en ningún caso, en contra das normas establecidas na lexislación vixente:

1. A asistencia regular ás clases é fundamental para poder progresar nos estudos, só determinados motivos como unha enfermidade, acudir a unha consulta médica, etc., poden xustificar a falta de asistencia. En caso de ausencia é unha obriga do alumnado acadar información do que se tratou nas clases para, na medida do posible, recuperalo.
2. O comportamento que se ha de ter no centro ha de ser sempre apropiado, non hai lugar para as faltas de respecto ao profesorado, persoal non

docente nin aos compañeiros e compañeiras. Debemos falar en vez de berrar, andar en lugar de correr, coidar e non maltratar.

3. No horario lectivo hai que permanecer no recinto escolar e non se pode abandonalo sen autorización da Dirección, só poderán saír do centro no recreo os alumnos de Bacharelato, PCPI, Ciclos e ESA que sexan maiores de idade.
4. O recreo é un tempo que debiamos empregar para descansar, desconectar dos estudos, relacionarnos cos compañeiros e compañeiras, comer ou beber algo e ir ao baño. Salvo neste tempo de recreo no se pode saír da aula para ir ao baño, nin ao bar, nin ir a falar con amigas ou amigos, etc., a non ser que a causa estea moi xustificada ante o profesor correspondente.
5. Nas aulas debemos estar centrados no estudo. Os teléfonos móbiles distraénnos a nós e as persoas que están con nós, polo que debemos evitar traelos ao instituto se non sabemos facer un uso axeitado deles. No caso de que por mal uso do móbil se interrompa nalgún momento as clases ou se empregue en horario lectivo dun xeito inapropiado, seralle retirado ao seu propietario e será requisado en Dirección e devolveráselle ao final da xornada lectiva. Se se volve a repetir a acción, só se lles devolverá aos pais ou nais ou ao propio alumno se é maior de idade, cando se estime conveniente.
Os aparatos dixitais, tales como smartphones, tabletas ou portátiles de propiedade particular tanto do alumnado como do profesorado, poderán ser utilizados como material pedagóxico no desenvolvemento das clases e nas actividades lectivas e sempre no marco da programación didáctica das diferentes áreas. Cómpre recordar ademais que hoxe en día estes aparellos son obxecto de continua perdas, extravío e roubos, co cal o ideal sería evitar traelos ao instituto se non foran necesarios nas actividades académicas, xa que este non se responsabiliza no caso da súa perda ou desaparición. No centro dispoñemos de telefonía fixa para recibir calquera chamada urxente que teña que chegar ao alumnado así como para efectuar chamadas urxentes que o alumno teña que facer á súa familia.
6. A actitude do alumnado cando non estea o profesorado ha de ser correcta, sen molestar ao resto dos grupos. O alumnado deberá agardar ao profesor mantendo a porta aberta. No caso de que non chegue o profesor de garda, o delegado ou algún compañeiro poñerá en coñecemento da dirección a ausencia do profesor.
7. Cando un alumno remate un exame antes da fin da clase, non poderá saír da aula.
8. Ao remate de cada xornada, as cadeiras deben quedar recollidas enriba das mesas para facilitarlle o traballo ao persoal de limpeza. Así mesmo as luces apagaranse sempre que non haxa actividade lectiva e as ventás quedarán pechadas ao final da xornada.

7.2.2. POR UN BO FUNCIONAMENTO DO CENTRO. PROFESORADO.

1. O alumnado só poderá saír das aulas aos servizos ou a cafetería no tempo do recreo, agás por motivos xustificadas ou enfermidade.
2. O alumnado que remate un exame deberá permanecer na aula ata que finalice a sesión.
3. Cando algún alumno ou alumna sexa expulsado da aula, deberá presentarse en Xefatura de estudos co parte de amoestación e logo acudir co profesor de garda, quen o custodiará na.

aula de atención educativa onde realizará a tarefa encomendada polo seu profesor ou profesora

4. No caso de que se lle retire por utilización inapropiada, a algún alumno ou alumna, o móbil ou algún aparato electrónico particular, este será entregado en Dirección. Devolveráselle á familia ou ao alumno se é maior de idade cando corresponda segundo esta normativa.
5. O profesorado, dentro do recinto escolar e agás situacións de urxencias, só poderá empregar o teléfono móbil de xeito particular dentro da sala de profesores, nos despachos e nos departamentos. Os aparatos dixitais, tales como smartphones, tabletas ou portátiles de propiedade particular do profesorado, poderán ser utilizados no desenvolvemento e preparación das clases, nas actividades administrativas e nas lectivas no marco das programacións didácticas e de centro.
6. Todo o profesorado deberá colaborar no coidado do material das aulas, dos baños, ou calquera dependencia do centro, avisando, cando o considere oportuno, ao persoal subalterno ou a Dirección.
7. Os xefes e xefas de departamentos realizarán as horas relativas a esta función en dependencias do centro e recoméndase que estean localizados ou localizadas.

7.2.3. POR UN BO FUNCIONAMENTO DO CENTRO. PERSOAL NON DOCENTE.

Persoal de administración e servizos (PAS)

O persoal de Administración e de Servizos está composto polo persoal administrativo, o persoal subalterno e o persoal de limpeza. Da coordinación de todos eles encargase o secretario/a do centro.

O persoal administrativo:

- Colaborará na consecución dos fins propostos polo centro.
- Colaborará para facer que se respecten as normas de convivencia escolar.
- Atenderá a todas aquelas persoas que precisen asistencia e axuda naquelas cuestións que sexan da súa competencia.
- Colaborará na matriculación e preinscrición do alumnado.
- Elaborará a documentación interna dos alumnos tales como expedientes, listas,
- Elaborará e xestionará a correspondencia, incluíndo o rexistro de entradas e saídas.

- Tramitará a solicitude de títulos, certificados, bolsas, etc.
- Gardará a confidencialidade necesaria para salvagardar os dereitos dos demais membros da comunidade educativa.

O persoal subalterno:

- Preocuparase de proporcionar o material axeitado que lle soliciten para o normal desenvolvemento das actividades.
- Controlará o uso adecuado da auga, luz, calefacción e teléfono, así como o estado do material do centro, comunicando ao secretario os desperfectos que se produzan.
- Colaborará co profesorado de garda no control da orde interna.
- Controlará o acceso ao centro e os desprazamentos polas zonas comúns
- Abrirá e pechará puntualmente os edificios e dependencias que fose necesario.
- Custodiará as chaves.
- Distribuirá documentos, obxectos e correspondencia que lle sexan encomendados.
- Realizará, dentro das dependencias, traslados de materiais, mobiliario e enseres.

O persoal de limpeza:

- Cumprirá a quenda de traballo que, segundo o seu horario de dedicacións, lle sexa asignado polo secretario do centro.
- Informará ao secretario das deficiencias que vexa durante o desenvolvemento da súa xornada laboral.

7.3 INCUMPRIMENTO DAS NORMAS DE CONVIVENCIA

- Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extra escolares, así como durante a prestación dos servizos de transporte escolar.
- Tamén poderán corrixirse as condutas que aínda realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar.
- E por último, as condutas contrarias as normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, que teñan conexión coa actividade escolar.

7.3.1. CLASIFICACIÓN DAS CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA NO CENTRO:

- Conduas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro.
- Conduas leves contrarias á convivencia no centro.

Conduas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro:

- a. Agresións físicas ou psíquicas, inxurias e ofensas graves, ameazas e coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b. Actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa.
- c. Actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e o persoal de administración e servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d. A gravación, manipulación e a difusión de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, dignidade ou intimidade dos demais membros da comunidade educativa.
- e. O acoso escolar.
- f. A suplantación da personalidade e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g. Danos graves causados intencionadamente ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais do centro e roubo de obxectos.
- h. Actos inxustificadas que perturben o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as complementarias e extraescolares.
- i. Actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal.
- j. A negativa a entregar obxectos, substancias ou produtos expresamente prohibidos polas normas do centro.
- k. Reiteración nun mesmo curso escolar de condutas leves.
- l. Incumprimento das sancións impostas.

Conduas leves contrarias á convivencia no centro:

Considéranse condutas leves as tipificadas nos apartados a,b, c, d, e, f, g, h, i, j, do parágrafo anterior que non alcancen a gravidade requirida para ser consideradas como gravemente prexudiciais, ademais da inasistencia inxustificada a clase e as faltas de puntualidade. Tamén a reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso.

7.4 SOBRE A CORRECCIÓN DE CONDUCTAS

7.4.1. PRINCIPIOS XERAIS QUE REXERÁN A APLICACIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS:

- As medidas correctoras terán sempre un carácter educativo e recuperador.
- Garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.
- Respetarán o dereito do alumnado á educación e á escolaridade (non entendendo como privación destes dereitos a imposición de correccións que supoñan a suspensión da asistencia ás clases conforme a normativa vixente).
- Respetarán a proporcionalidade coa conduta do alumnado.

- Contribuirán á mellora do seu proceso educativo.
- Terán en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais.
- Respetarán a integridade física e a dignidade persoal do alumnado.
-

7.4.2. MEDIDAS CORRECTORAS:

As condutas gravemente prexudiciais poderán ser corrixis con:

- Realización de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- Cambio de grupo.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes.
- Cambio de centro.

As medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo da tramitación dun procedemento disciplinario.

Corresponde a incoación do procedemento á persoa titular da dirección do centro docente, por iniciativa propia ou a petición motivada do profesorado, titor ou xefatura de estudos. (Anexo II e III)

As faltas leves corrixíranse con medidas previstas nos apartados a, b, c, d, e, f, g e h do artigo 22 da Lei

4/2011 de convivencia e participación:

- Amoestación privada ou por escrito.
- Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
- Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- Realización en horario non lectivo de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos.
-

7.4.3. GRADUACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS

Para a graduación das medidas correctoras tomaranse en consideración os seguintes criterios:

- a. O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e se é o caso o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b. A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c. A difusión por calquera medio, incluídos electrónicos, telemáticos ou

- tecnolóxicos, das súas imaxes ou da ofensa.
- d. A natureza dos prexuízos causados.
- e. O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta.

7.4.4. RESPONSABILIDADE E REPARACIÓN DE DANOS

- O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, sen non for posible, a indemnizar o seu valor.

As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente. Coa finalidade de velar polo bo estado dos recursos materiais e dos espazos e poder aplicar de forma axeitada o sinalado no parágrafo anterior en materia de reparación de danos, o inicio do curso escolar o titor en colaboración co seu grupo, levantará un acta de aula na que se indicará todo o material do que que dispón a mesma así como o estado das instalacións e espazo. Os danos que puideran xurdir ao longo do curso deberán ser reparados conforme ao mencionado anteriormente.

- Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que impoña a corrección da conduta.
- O réxime de responsabilidade e reparación de danos aquí establecido é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

7.5. PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS:

7.5.1. PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA

As medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo da tramitación do procedemento disciplinario.

Corresponde acordar a incoación do procedemento á persoa titular da dirección do centro docente, por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado ou da titora ou titor do alumno ou alumna ou da persoa que ocupe a xefatura de estudos ou logo da denuncia doutros membros da comunidade educativa.

O director nomeará o instrutor do procedemento disciplinario despois da realización dun sorteo entre o profesorado que teña unha antigüidade mínima dun ano no centro.

Para que o procedemento sexa máis obxectivo non participarán no sorteo o/a titor/a do/a alumno/a, o profesorado que lle imparte docencia, nin o equipo

directivo.

A incoación do procedemento notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como persoa instrutora. Así mesmo, comunicarase á inspección educativa. No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, a persoa titular da dirección do centro pode adoptar motivadamente, por iniciativa propia ou por instancia do instrutor, como medidas provisionais o cambio temporal de grupo da alumna ou alumno ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a cinco días lectivos.

Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou alumno e, se é menor de idade, á nai ou pai ou á titora ou titor, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta. No caso de incomparecencia inxustificada, o trámite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais.

Realizado o trámite de audiencia, a persoa titular da dirección do centro ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta da alumna ou alumno e impondrá, se é o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos.

A resolución notificarase á nai ou pais ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase á inspección educativa.

A resolución da persoa titular da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución da persoa titular da dirección do centro cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos nos termos previstos na alínea f) do artigo 127 da Lei orgánica 2/2006 de educación. (artigo 127.f) O Consello Escolar a instancia de pais, nais ou titores/as poderá revisar a decisión adoptada e propoñer, no seu caso, as medidas oportunas)

7.5.2. PROCEDIMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

- a. O profesorado da alumna ou alumno, oído e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso de que se trate de: amoestación privada ou por escrito, comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos ou realización de traballos específicos en horario lectivo.
- b. A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que exerza a xefatura de estudos no caso de que se trate de: amoestación privada ou por escrito, comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos, realización de traballos específicos en horario lectivo, realización en horario non lectivo de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- c. A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou o director do centro, oídos

a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor, ou titora ou titor, nos casos de amoestación privada ou por escrito, realización de traballos específicos en horario lectivo, realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro, suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas ou cambio de grupo por un período de ata unha semana.

- d. A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor, ou titora ou titor, no caso de suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días ou no caso de suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días.

7.5.3. CONDICIÓN DE AUTORIDADE PÚBLICA DO PROFESORADO

- No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida polo ordenamento xurídico.
- No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade.
- O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes.
- O requirimento previsto no parágrafo anterior obriga ao alumnado requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías.

7.6. PRESCRICIÓN DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben aos catro meses da súa comisión. E as condutas leves contrarias á convivencia prescriben ao mes.

7.7. PROGRAMAS E ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS AS MEDIDAS CORRECTORAS

Como complemento das medidas correctoras o departamento de orientación do centro elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, e para aquel que se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro.

7.8. PROCEDIMENTOS CONCILIADOS DE RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

Determinarase un procedemento conciliado para a resolución de conflitos de convivencia.

- A participación do alumnado ou dos seus representantes legais terá carácter voluntario e esixirá o cumprimento de accións reparadoras.
- A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa. O cumprimento das accións reparadoras dará lugar á finalización do procedemento de corrección da conduta contraria a convivencia.
- No procedemento formalizado por escrito incluírase a intervención dunha persoa instrutora e dunha mediadora.
- O procedemento formalizado será o que determine o centro, coa aprobación do consello escolar

8. SEGUEMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

O equipo directivo garantirá a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da comunidade educativa. Para realizar o seguimento e a avaliación da convivencia escolar, a Comisión reunirse as veces establecidas neste plan e terase en conta:

- A memoria anual que realice a Comisión de Convivencia, que reflectirá datos e conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación, así como as propostas de mellora que se consideren necesarias. Esta memoria será aprobado polo Consello Escolar e formará parte da memoria anual do centro.

- Entre os indicadores que debería contemplar a memoria están: -O grao de consecución dos obxectivos.

- O grao de coñecemento, implicación e satisfacción da comunidade educativa.

- O nivel de aproveitamento dos recursos materiais, humanos e organizativos.

- Calidade e funcionamento das actuacións e materiais elaborados.

- Especial atención debe prestarse á mediación, valorando aspectos como:

- Número de participantes.

- Número de solicitudes de mediación.

- Sectores da comunidade educativa que derivan casos de mediación. -Grao de implicación e concienciación da comunidade educativa ante o proxecto.

- Grao de satisfacción dos participantes.

- Número de mediacións resoltas satisfactoriamente.

- Cumprimento de acordos.

- A memoria anual que elabore o Consello para a convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.

9. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Para que sexa coñecido por toda a comunidade educativa, o Plan de Convivencia será divulgado, basicamente, a través de dous medios: a páxina web do instituto e os exemplares impresos depositados nos despachos da Dirección e da Xefatura de Estudos e na sala de profesores/as

No primeiro Claustro de cada curso, o equipo directivo informará dos aspectos máis relevantes do Plan de Convivencia, en especial, do protocolo de acoso escolar. O profesorado que se incorpore unha vez iniciado o curso será informado pola Xefatura de Estudos.

Nas reunións iniciais de cada curso coas familias e o profesorado titor coa Xefatura de Estudos e a Xefatura do Departamento de Orientación, informarase do Plan de Convivencia e do protocolo de acoso escolar.

Nas sesión inicial do titor co seu grupo, a persoa titora informará ao alumnado do Plan de Convivencia. Co alumnado da ESO desenvolveranse as sesións de tutoría incluídas no Plan de Acción Titorial destinadas ao coñecemento do Plan e das NOFC.

10. ANEXOS

Anexo I: Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso .

Anexo II: NOFC

Anexo III: Orientacións procedemento corrector

Anexo IV: Aula de recuperación de actitudes ou inclusiva